



## PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA

### XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

A modificación obedece a varias razóns:

#### **Primeira.- Dotar as xefaturas territoriais dunha estrutura de postos con coñecementos xurídicos**

As xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda non dispoñen de ningún posto xurídico asociado ao Servizo de Patrimonio Natural. Sen embargo, desde a entrada en vigor da Lei 4/2017 de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia agudizouse a acumulación da carga de traballo derivada da incoación e tramitación dos expedientes sancionadores, especificamente, en relación aos cans potencialmente perigosos e aos cans domésticos. Por outra banda, o desdobre da antiga Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas na Consellería de Infraestruturas e Vivenda e na agora Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, supuxo que esta última veuse reducida en efectivos, tanto en postos administrativos como en xurídicos.

Mención especial cabe facer con respecto á Xefatura de Pontevedra en relación ao Parque Natural das Illas Atlánticas con un número importante de expedientes sancionadores tramitados nos últimos dous anos e a previsión de incremento de carga, derivada da recente posta en marcha do Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUX).

Para suplir esta carencia, as xefaturas territoriais propuxeron a creación dos seguintes postos:

#### **Na Xefatura Territorial da Coruña:**

##### **Posto MAC991000215001002 XEFATURA SECCIÓN XURÍDICA**

Subgrupos A1 e A2

Nivel 25

Área funcional xurídica

Titulación licenciado ou grado en dereito



**Na Xefatura Territorial de Lugo:**

**Posto MAC991000227001002 XEFATURA SECCIÓN XURÍDICA**

Subgrupos A1 e A2  
Nivel 25  
Área funcional xurídica  
Titulación licenciado ou grado en dereito

**Na Xefatura Territorial de Ourense:**

**Posto MAC991000232001002 XEFATURA SECCIÓN XURÍDICA**

Subgrupos A1 e A2  
Nivel 25  
Área funcional xurídica  
Titulación licenciado ou grado en dereito

**Na Xefatura Territorial de Pontevedra:**

**Posto MAC991000236001002 XEFATURA SECCIÓN XURÍDICA**

Subgrupos A1 e A2  
Nivel 25  
Área funcional xurídica  
Titulación licenciado ou grado en dereito

## **Segunda.- Dotación á Secretaría Xeral Técnica con persoal suficiente**

**Posto MA. C02.00.000.15770.001-Secretario/a coordinado/a**

Propoñemos creación na Secretaría xeral Técnica dun posto de secretario/a coordinador/a de nivel 20, co complemento específico propio do nivel do posto, sistema de provisión por libre designación (LD), aberto ao subgrupo A2-C1-C2, de adscrición a persoal da CCAA de Galicia (AXG).

Xustificación

Na Secretaría Xeral Técnica hai un volume de traballo moi superior ao das secretarías das direccións xerais. Este centro directivo exerce unha labor de coordinación co Gabinete da conselleira e co resto das secretarías. Ademais, a secretaría Xeral Técnica ten delegadas o exercicio de moitas funcións competencia da conselleira, que non teñen o resto de centros directivos (ORDE do 25 de outubro



de 2019 sobre delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos desta consellería, publicada no DOG do 05.11.2019).

Isto deriva nun gran volume de traballo administrativo:

- Xestión das entradas de toda a consellería (rexel, papel e correo electrónico) e das chamadas (a maioría entran pola Secretaría Xeral Técnica).
- Asesoramento nas peticións, distribución aos distintos departamentos e coordinación para elaborar respostas conxuntas.
- Apoio na recollida e preparación da documentación para Comisión de Secretarios e para o Consello da Xunta da Conselleira.
- Coordinación das funcións administrativas co Gabinete da conselleira.
- Revisión da documentación que asina a secretaria xeral técnica.

Asígnaselle ao posto o sistema de provisión por libre designación porque dito posto desempeña funcións que supoñen unha especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia, de conformidade cos criterios establecidos na estipulación cuarta, apartado 1 da Resolución da Dirección Xeral da Función Pública, do 25 de febreiro de 2016, para os postos de traballo de nivel 28 ou inferior.

## Tereceira.- Execución de tres sentencias

### **Posto MAC030000015770022 POSTO BASE SUBGRUPO A1 (nova creación)**

Proponse a creación dun posto base do subgrupo A1 para escala de ciencias, especialidade de bioloxía (ESC1), de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Xustificación:

Sentencia nº 268/2022, do 20.05.2022, do Xulgado do Social nº 3 de Santiago de Compostela (procedemento ordinario 393/2019), rectificada polo auto do 21.06.2022, do mesmo xulgado, que estimou unha demanda interposta por A.C.R. e declarouna persoal laboral indefinido non fixo da CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA, con antigüidade de 1-03-2010, categoría profesional de TITULADO SUPERIOR BIÓLOGA (10), GRUPO I. Declarada firme pola Dilixencia de ordenación do 28.07.2022 do Xulgado do Social nº 3 de Santiago de Compostela (notificada o 05.09.2022).

### **Posto MAC030000015770024 POSTO BASE SUBGRUPO A2 (nova creación)**

Proponse a creación dun posto base do subgrupo A2 xeral, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Xustificación:



Sentencia do 16.11.2021, do Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela (procedemento ordinario 56/2020 que estimou unha demanda interposta por S.G.C. e declarou o seu dereito a ser considerada persoal laboral indefinido non fixo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, coa categoría de titulado de grao medio (grupo II, categoría 7) e unha antigüidade do 06.07.2005. Esta sentenza foi confirmada pola sentenza do 25.10.2022, da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e declara firme pola dilixencia de ordenación do 22.11.2022, do referido Tribunal.

### **MAC030040115001110 TITULADO SUPERIOR ESPECIALISTA (posto existente)**

Propónse incluír nas observacións de posto: "ocupado por persoal laboral indefinido non fixo". Este posto, ocupado por unha laboral temporal, á que se lle modificou o vínculo xurídico por execución de sentenza, está definido na RPT como de persoal laboral, polo menos dende o ano 1999.

Xustificación:

Sentencia nº 2945/2022, do 20.06.2022, da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (recurso de suplicación 0004304/2021-M - Procedemento ordinario 412 /2019), que estimou en parte una demanda interposta pola traballadora I.V.U.B. e declarou que a relación laboral entre a demandante e a Administración é de natureza indefinida non fixa. Declarada firme pola Dilixencia de ordenación do 01.09.2022 da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

## **Cuarta.- Modificación dalgúns postos para adaptalos á realidade actual e ás necesidades do servizo**

Para adaptalos ás necesidades do servizo e á realidade actual, propónse a modificación dos seguintes postos:

### **Posto MA.C04.00.000.15770.012 POSTO BASE SUBGRUPO A1**

Este posto, que na RPT vixente depende da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e está perfilado para Administración xeral, e figura en observacións: "ocupado por persoal laboral indefinido non fixo", presta servizo na Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo. Propoñemos que pase a depender da Secretaría Xeral Técnica, incluír a titulación de dereito como mérito e eliminar das observacións: "ocupado por persoal laboral indefinido non fixo",

XUSTIFICACIÓN:

Este posto, que ata o día 25.10.2022, estaba ocupado por unha laboral indefinida non fixa, dende hai anos ven prestando servizo para a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo, dependente da Secretaría Xeral Técnica e as funcións que realiza son exclusivamente xurídicas.

**Posto MAC030000015770005 POSTO BASE SUBGRUPO A1**

**Posto MAC030000015770007 POSTO BASE SUBGRUPO A1**

**Posto MAC030000015770020 POSTO BASE SUBGRUPO A1**

**Posto MAC040000015770009 POSTO BASE SUBGRUPO A1**

Proponse eliminar destes postos a observación de "ocupado por laboral indefinido non fixo.

**XUSTIFICACIÓN:**

Na actualidade, logo da resolución do proceso selectivo, pola quenda de acceso libre, para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia, subgrupo A1, convocado pola Orde do 22 de novembro de 2019 (Diario Oficial de Galicia número 225, do 26 de novembro)., estes postos están ocupados por funcionarios de carreira.

**Posto MAC030000015770014 POSTO BASE SUBGRUPO A1**

**Posto MAC030000015770021 POSTO BASE SUBGRUPO A1**

**Posto MAC040000015770008 POSTO BASE SUBGRUPO A1**

Proponse eliminar destes postos a observación de "ocupado por laboral indefinido non fixo.

**XUSTIFICACIÓN:**

No mes de abril de 2023 vaise a publicar no DOG a RESOLUCIÓN pola que se procede ao nomeamento como persoal funcionario de carreira do corpo facultativo superior, escala de ciencias, na especialidade de bioloxía, da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre e promoción interna, no corpo facultativo superior, escala de ciencias, na especialidade de bioloxía, da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, convocado pola Orde do 22 de novembro de 2019 (Diario Oficial de Galicia número 227, do 28 de novembro). Como consecuencia desta resolución, estes tres postos pasan a estar ocupados por persoal funcionario de carreira.

**Posto MAC040000015770004 POSTO BASE SUBGRUPO A1**

Este posto estaba reservado para unha laboral indefinida non fixa en excedencia por coidado de familiares, que posteriormente renunciou ao posto. Por este motivo é necesario eliminar das observacións "ocupado por persoal laboral indefinido non fixo".



**Posto MAC991000036001156 AGRUPACIÓN PROFESIONAL - TELEFONISTA**

Este posto está ocupado por un laboral fixo. Por este motivo propoñemos que conste en observación "ocupado por persoal laboral fixo"

**Posto MA.C03.00.003.15770.025 SECCIÓN CONTROL TRASLADOS E INFORMACIÓN RESIDUOS**

Este posto está perfilado para a escala de enxeñeiros, especialidade enxeñeiros agrónomos (ESE2) e enxeñeiros de montes (ESE5).

Propoñemos eliminar a especialidade de enxeñeiros agrónomos (ESE2) e incluír a especialidade de enxeñeiros químicos (ESE8).

Non se propón modificar a especialidade de enxeñeiros de montes (ESE5) por ser a da persoa que ocupa o posto.

**XUSTIFICACIÓN:**

Este posto está integrado no Servizo de Residuos e correspóndelle, entre outras, as seguintes funcións:

- A elaboración e o seguimento dos programas autonómicos de prevención de residuos e dos plans autonómicos de xestión de residuos.
- establecemento e a xestión de procedementos que garantan a distribución da información en materia de residuos.
- control da rastrexabilidade en materia de residuos.
- A realización de campañas de formación e sensibilización en materia de residuos.
- A elaboración de informes técnicos en materia de residuos.
- A planificación e o fomento de accións relacionadas coa economía circular.

Para a realización destas funcións é preciso coñecer os procesos de xeración e tratamento de residuos así como ter un amplo coñecemento do vector ambiental nos procesos de produción.

Os plans de estudos de Enxeñería Química contempla formación específica na área medioambiental, facendo fincapé na necesidade de divulgación desta información. Por outra banda o dito plan de estudos forma aos Enxeñeiros Químicos para que teñan un amplo coñecemento do tecido industrial analizando procesos produtivos e de xeración de residuos co fin de que adquiran a competencia técnica clave para **entender** o proceso posterior de tratamento destes residuos.

Non sucede o mesmo nos plans de estudos da enxeñería agrónoma, que están máis orientados a capacitar técnicos superiores para planificar, proxectar, organizar, controlar e dirixir sistemas e proxectos produtivos no sector agroalimentario.

Dada a complexidade das funcións do posto, así como a necesidade de dispor de coñecementos técnicos para poder exercelas, é convinte que quen acceda ao mesmo xa dispoña dalgúns coñecementos para acortar o período de formación.

**Posto MA.C03.00.002.15770.015 XEFATURA SERVIZO AVALIACIÓN AMBIENTAL DE PROXECTOS**

**Posto MA.C03.00.002.15770.017 XEFATURA SECCIÓN AVALIACIÓN AMBIENTAL**

**Posto MA.C03.00.000.15770.013 POSTO BASE SUBGRUPO A1**

**Posto MA.C03.00.000.15770.014 POSTO BASE SUBGRUPO A1**

**Posto MA.C03.00.000.15770.029 POSTO BASE SUBGRUPO A2**

Propoñemos que nestes postos se inclúa no apartado de formación específica o ~~requisito imprescindible mérito de formación específica en avaliación ambiental ou unha~~ experiencia ~~mínima demostrada de 3 anos~~ na revisión, análise técnico e elaboración de declaracións e informes de impacto ambiental.

**XUSTIFICACIÓN:**

Estes cinco postos desenvolven a súa actividade no Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos.

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no seu artigo 16 establece a esixencia de que os documentos que presenten os promotores durante a avaliación ambiental sexan realizados por persoas que posúan a capacidade técnica suficiente, o que permitirá manter un elevado nivel de calidade técnica de ditos documentos e en definitiva do procedemento, xa que se trata dos documentos técnicos que constitúen o elemento central no que se basea a avaliación de impacto ambiental.

Loxicamente e derivado do anterior, está a necesaria reciprocidade desa esixencia de capacidade técnica aos redactores dos documento ambientais, que se ten que reproducir tamén na Administración, concretamente nos órganos ambientais en materia de avaliación de impacto ambiental, xa que son os competentes en analizar eses documentos ambientais e concluír sobre a viabilidade ambiental dos proxectos.

Nese sentido, tanto a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, como a Lei 9/ 2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de **Galicia, recollendo o establecido no artigo 5.3.b da Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo de do Consello, modificada pola Directiva 2014/52/UE na que se establece a necesidade de que a autoridade competente garanta que dispón de formación e coñecementos para o desenvolvemento do traballo de avaliación e que foi trasladada** nos seus artigos 9.5 e 30 respectivamente, ratifican esta esixencia de que o órgano ambiental, en materia de avaliación de impacto ambiental, posúa a necesaria cualificación técnica para poder examinar os estudos de impacto ambiental e documentos ambientais e, en definitiva, para poder realizar a análise técnica do

expediente. Dita análise técnica ten como finalidade a análise de toda a documentación ambiental recabada, tanto das consultas aos órganos competentes como das persoas interesadas e deducir os efectos esperados dos proxectos sobre os diferentes factores obxecto da avaliación de impacto ambiental, e propoñer as medidas máis axeitadas para a súa prevención, corrección ou compensación, así como os seus respectivos seguimentos. Se analizará, en particular, a calidade, completitude e suficiencia do estudo de impacto ambiental, se é o caso, a súa conformidade co documento de alcance, e como se tivo en consideración o resultado do trámite de información pública, das consultas ás Administracións Públicas afectadas e ás persoas interesadas e, se é o caso, o resultado das consultas transfronteirizas.

Así, o artigo 9.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, establece: *"As Administracións Públicas garantirán que os órganos ambientais dispoñen de coñecementos para examinar os estudos e documentos ambientais estratéxicos, e os estudos e documentos de impacto ambiental, e que, de ser necesario poden solicitar informes a organismos científicos, académicos ou outros que posúan devanditos coñecementos."*

E o artigo 30.1 da Lei 9/2021, establece: *"A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao establecido no artigo 9.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, garantizará que o seu órgano ambiental dispoña de coñecementos para examinar os estudos e documentos ambientais estratéxicos e os estudos e documentos de impacto ambiental, sen prexuízo da posibilidade de solicitar informes a organismos científicos, académicos ou outros que posúan os coñecementos precisos en calquera dos procedementos de avaliación ambiental, nos casos en que o estime necesario."*

A experiencia recente co ~~contratación temporal de persoal nomeamento persoal funcionario interino~~ de apoio a disposición do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, para reforzar a tramitación de avaliación de impacto ambiental de proxectos no marco da transición enerxética, proxectos que están sometidos na súa tramitación a uns fitos temporais, puxo de manifesto a necesidade imperiosa de contar con persoal con cualificación técnica e con experiencia, para poder levar a cabo unha tramitación de avaliación de impacto ambiental áxil pero tamén eficiente e coas debidas garantías administrativas e xurídicas, polo que é especialmente necesario contar con persoal técnico formado, con experiencia en materia de avaliación de impacto ambiental, que se adquire despois dunha formación e traballar varios anos na materia.

Polo tanto, tendo en conta o indicado anteriormente ao respecto dos requirimentos da Lei 21/2013 e da Lei 9/ 2021, seguimos inmersos na transición enerxética e, polo tanto continuaremos coa tramitación de avaliación de impacto ambiental de proxectos sometidos a fitos temporais, así como a tramitación probablemente de moitos dos proxectos que se deriven dos fondos europeos Next Generation, é especialmente necesario que estes postos ~~inclúa como mérito teñan o requisito imprescindible de formación específica en avaliación ambiental e/ou unha~~



experiencia ~~mínima demostrada de 5 anos~~ na revisión, análise técnico e elaboración de declaracións e informes de impacto ambiental.

#### **Posto MA.C03.00.000.15770.015 POSTO BASE SUBGRUPO A1**

Propoñemos que nesta praza se inclúa, no apartado de formación específica, o ~~requisito imprescindible mérito~~ de experiencia ~~específica de 3 anos~~ na análise técnica da documentación asociada á tramitación, revisión e seguimento das autorizacións ambientais integradas (AAI) e en materia de solos contaminados, en especial, solos contaminados por lindano ( $\gamma$ -HCH).

#### **XUSTIFICACIÓN:**

Este posto depende do Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación e realiza polo tanto funcións eminentemente técnicas. E as tarefas que desenvolve requiren unha experiencia e coñecemento específicos.

A Directiva 2010/75/UE de emisións industriais ou de prevención e control integrados da contaminación, aplicable ás grandes instalacións industriais que son a que teñen un maior poder de contaminación ao medio ambiente, establece para estas instalacións a obriga de obter una autorización ambiental integrada (AAI) co fin de alcanzar unha elevada protección do medio ambiente no seu conxunto.

En aplicación da normativa de transposición desa directiva (RDL 1/2016, de 16 de decembro e RD 815/2013, de 18 de outubro) as tarefas, desenvolvidas polo persoal adscrito a este servizo, están relacionadas coa análise técnica da documentación presentada por estas grandes instalacións industriais para a obtención da AAI, o que implica ~~a necesidade a conveniencia~~ dunha formación específica que permita o estudo e análise técnica dos proxectos de actividades industriais sometidas a autorización ambiental integrada e todos os informes asociados ao expediente, a avaliación técnica da documentación xustificativa da substancialidade ou non substancialidade das modificacións presentadas e a avaliación técnica da documentación de vixilancia e seguimento periódico das ditas instalacións.

A normativa de prevención e control integrados da contaminación obriga aos órganos competentes á revisión das autorizacións ambientais integradas, en base ao documentos de conclusión das mellores técnicas dispoñibles (MTD's) e á análise técnica do seu cumprimento, no prazo de 4 anos desde a publicación do dito documento. Para iso é necesario unha formación específica para o estudo e proposta dos documentos BREF (cuxas conclusións establecerán as MTD's para cada sector industrial) no seo dos grupos de traballo que se organizan tanto a nivel da UE coma a nivel estatal.

A maiores, neste posto é preciso realizar tarefas relacionadas coa contaminación dos solos o que implica a valoración do informe base de situación para as instalacións sometidas a autorización ambiental integrada, así coma a avaliación da documentación en materia de solos contaminados presentada por estas instalacións: propostas de plans de vixilancia ambiental, investigacións analíticas

exploratorias, investigacións analíticas detalladas, valoración de riscos e, no caso de ser necesario, proxectos de descontaminación do solo, en especial, os relacionados coa contaminación por lindano ou isómero gamma do Hexaclorociclohexano ( $\gamma$ -HCH).

Por todo o anterior, consideramos especialmente necesario **que se inclúa como mérito especifique unha experiencia mínima de 3 anos** na análise técnica da documentación asociada á tramitación, revisión e seguimento das autorizacións ambientais integradas (AAI) e en materia de solos contaminados, en especial, solos contaminados por lindano ( $\gamma$ -HCH)

**Posto MA.C03.00.000.15770.016 - POSTO BASE SUBGRUPO A1**  
**Posto MA.C03.00.000.15770.018 - POSTO BASE SUBGRUPO A1**  
**Posto MA.C03.00.000.15770.006 - POSTO BASE SUBGRUPO A1**  
**Posto MA.C03.00.000.15770.017 - POSTO BASE SUBGRUPO A1**  
**Posto MA.C03.00.000.15770.025 - POSTO BASE SUBGRUPO A2**  
**Posto MA.C03.00.000.15770.026 - POSTO BASE SUBGRUPO A2**

Propoñemos que nestes postos se inclúa no apartado de formación específica o **requisito imprescindible mérito** de experiencia **mínima de 3 anos** na tramitación das autorizacións ambientais integradas.

#### XUSTIFICACIÓN:

Estes postos desenvolven a súa actividade no Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación.

As tarefas desenvolvidas nestes postos requiren unha experiencia e coñecemento específicos.

A Directiva 2010/75/UE de emisións industriais ou de prevención e control integrados da contaminación, aplicable ás grandes instalacións industriais que son a que teñen un maior poder de contaminación ao medio ambiente, establece, para estas instalacións, a obriga de obter una autorización ambiental integrada (AAI) co fin de alcanzar unha elevada protección do medio ambiente no seu conxunto.

En aplicación da normativa de transposición desa directiva (RDL 1/2016, de 16 de decembro e RD 815/2013, de 18 de outubro) as tarefas, desenvolvidas polo persoal adscrito a este servizo, están relacionadas coa análise técnica da documentación presentada por estas grandes instalacións industriais para a obtención da AAI.

Isto implica a necesidade dunha formación específica que permita o estudio e análise técnica dos proxectos de actividades industriais sometidas a autorización ambiental integrada e todos os informes asociados ao expediente, a avaliación técnica da documentación xustificativa da substancialidade ou non substancialidade das modificacións presentadas e a avaliación técnica da documentación de vixilancia e seguimento periódico das ditas instalacións.

A normativa de prevención e control integrados da contaminación obriga aos órganos competentes á revisión das autorizacións ambientais integradas, en base aos documentos de conclusión das mellores técnicas dispoñibles (MTD's) e á análise técnica do seu cumprimento, no prazo de 4 anos desde a publicación do dito documento.

Para iso é necesario unha formación específica para o estudo e proposta dos documentos BREF (cuxas conclusións establecerán as MTD's para cada sector industrial) no seo dos grupos de traballo que se organizan tanto a nivel da UE coma a nivel estatal **ou**

~~Por todo o anterior, consideramos especialmente necesario que se especifique unha experiencia mínima demostrada de 3 anos~~ na análise técnica da documentación asociada á tramitación, revisión e seguimento das autorizacións ambientais integradas (AAI).

#### **Posto MA.C03.00.000.15770.006 - POSTO BASE SUBGRUPO A1**

Para este posto, que na RPT vixente está perfilado para a Administración xeral, ademais do ~~requisito imprescindible mérito~~ introducido no apartado anterior (formación específica ~~requisito imprescindible de experiencia mínima de 3 anos~~ na tramitación das autorizacións ambientais integradas), propoñemos a seguinte modificación:

Pasalo para a escala de ciencias, sen especialidade, incluíndo como mérito a titulación de ciencias ambientais.

#### **ANTECEDENTES**

Este posto, na RPT vixente, está perfilado para a Administración xeral, sen embargo depende do Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación e realiza polo tanto funcións eminentemente técnicas.

Este posto estaba afectado polo proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Xunta de Galicia, subgrupo A1, para a consolidación do persoal laboral indefinido non fixo (DOG do 26.11.2019). Pero non foi incluído na Resolución do 28 de setembro de 2022 (DOG 03.10.2022) pola que se convocan para a elección de destino provisional as persoas aspirantes que o referido proceso selectivo, por ser inferior o número de aspirantes aprobados que o número de prazas convocadas. En consecuencia, este posto pasará a incrementar a oferta de estabilización da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

A traballadora que ocupa este posto ten a condición de persoal laboral indefinido non fixo por sentenza. Ten a categoría de Titulado superior ambiental (grupo I categoría 37) e é licenciada en ciencias ambientais.

En consecuencia, para axustar a RPT ás necesidades do servizo, propoñemos que se profile para o corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, para escala de ciencias, incluíndo no apartado de formación específica o mérito 470

Licenciado/grao en ciencias ambientais (mérito) e o mérito ~~requisito imprescindible~~ de experiencia ~~mínima de 3 anos~~ na tramitación das autorizacións ambientais integradas.

## XUSTIFICACIÓN

As funcións concretas do posto son as seguintes:

Fundamentalmente análise técnico dos proxectos construtivos, de explotación e mantemento das instalacións de xestión de residuos sometidas a Autorización Ambiental Integrada, das modificacións solicitadas, da documentación de vixilancia e seguimento periódico (en fase de explotación e post-clausura) e da documentación asociada á revisión das autorizacións en base ao documentos de conclusión das mellores técnicas dispoñibles.

Para poder desenvolver estas funcións é necesario ter coñecementos técnicos que permitan, por unha parte, o cálculo das capacidades máximas e normais dunha instalación de xestión de residuos, dos caudais de biogás xerados e dos coeficientes de estabilidade deste tipo de instalacións.

Por outra parte, debe ter coñecemento específicos que permitan revisar, os cálculos e medicións, da documentación aportada nos proxectos construtivos (revisión de planos, topografías e cálculos volumétricos, materiais a empregar e informes finais de garantía e control de calidade), nos estudos hidroxeolóxicos e xeotécnicos (que garanta que en ningún caso as augas subterráneas entren en contacto coa masa de residuos, analizar a rede de captación de augas superficiais, as redes de subdrenaxe de augas subterráneas, as de augas pluviais e a balsa de recollida de lixiviados), na documentación de seguimento e vixilancia ou nos proxectos técnico de selado e clausura de instalacións de eliminación mediante depósito en vertedoiro.

Tamén é necesario ter coñecemento técnicos das diferentes tipoloxías de residuos, do procedemento de admisión de residuos en vertedoiros e do cálculo das fianzas ambientais correspondentes a este tipo de instalacións.

Por todo a anteriormente mencionado, consideramos que é convinte que esta praza estea cuberta por un técnico especializado en ciencias ambientais cuxa formación específica inclúe os coñecementos técnicos anteriormente mencionados.

### **Posto MA.C03.00.000.15770.016 - POSTO BASE SUBGRUPO A1**

### **Posto MA.C03.00.000.15770.018 - POSTO BASE SUBGRUPO A1**

Para estes dous postos, que na RPT vixente están perfilado para a escala de ciencias, sen especialidade, ademais do ~~requisito imprescindible mérito~~ introducido anteriormente (~~formación específica: requisito imprescindible de~~ experiencia ~~mínima de 3 anos~~ na tramitación das autorizacións ambientais integradas), propoñemos a seguinte modificación:

Pasalos para a Administración xeral con titulación en farmacia.

## ANTECEDENTES

Estes dous postos, na RPT vixente, están perfilados para escala de ciencias, sen ningunha especialidade.

Os postos foron creados no seu día por execución de dúas sentencias firmes e perfiláronse para escala de ciencias, dado que a súas funcións son eminentemente técnicas.

Por outra banda, estes dous postos están afectados polo proceso de estabilización extraordinario establecido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Sen embargo, as dúas laborais indefinidas non fixas que ocupan estes postos teñen a titulación de farmacia, e a Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (disposición adicional décima) non ten adscrita esta titulación (farmacia) á escala de ciencias. Polo tanto, dada esta circunstancia, as dúas traballadoras que ocupan estes postos non pode estabilizar neles.

En consecuencia, para axustar a RPT ás necesidades do servizo e para non prexudicar ás laborais indefinidas non fixas que os ocupan, propoñemos que estes dous postos se perfilen para o corpo superior da Administración xeral da Xunta de Galicia, incluíndo no apartado de titulación **Licenciado/grao en farmacia** e o **requisito imprescindible mérito** de experiencia **mínima de 3 anos** na tramitación das autorizacións ambientais integradas.

## XUSTIFICACIÓN:

As tarefas desenvolvidas por estes postos son eminentemente técnicas, referidas aos procedementos asociados ás autorizacións ambientais integradas.

A formación das dúas laborais indefinidas non fixas, no momento da obtención da licenciatura estaba dirixida a Farmacia Industrial con coñecementos sobre emisións atmosféricas, emisións ás augas tanto superficiais como subterráneas, rúidos, etc.

Polo tanto, para continuar coa prestación do servizo de forma eficaz e eficiente, ademais de para non prexudicar as dúas traballadoras que ocupan os postos de cara a estabilización, considérase necesario adecuar estas prazas as titulacións do persoal que leva desenvolvendo estas tarefas de maneira ininterrompida dende hai mais de 20 anos unha delas e 18 anos a outra.

## POSTO MA.C03.00.000.15770.017 - POSTO BASE SUBGRUPO A1

Para este posto, que na RPT vixente está perfilado para a escala de ciencias, sen especialidade, ademais do **requisito imprescindible mérito** introducido anteriormente (formación específica: **requisito imprescindible** de experiencia **mínima de 3 anos** na tramitación das autorizacións ambientais integradas), propoñemos a seguinte modificación:



Incluír como mérito a titulación de física.

**ANTECEDENTES:**

Este posto está adscrito ao Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación e realiza funcións eminentemente técnicas.

Este posto tamén está afectado polo proceso de estabilización extraordinario establecido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A traballadora que o ocupa, que ten a condición de persoal laboral indefinido non fixo (Grupo I, categoría 004, titulado superior) é licenciada en Físicas.

**XUSTIFICACIÓN:**

Os titulados en física teñen coñecementos específicos no ámbito da produción de enerxía (centrais térmicas, ciclos combinados, centrais de biomasa, plantas de produción de H<sub>2</sub>, ...) e da industria siderúrxica e metalúrxica e pola súa capacitación técnica para análise de estudos relacionados coa contaminación atmosférica e acústica. Estes coñecementos son moi útiles na tramitación dalgunhas autorizacións ambientais integradas.

En consecuencia, para axustar a RPT ás necesidades do servizo, propoñemos que se inclúa no apartado de formación a titulación de ciencias físicas como mérito.

**Posto MA.C03.00.000.15770.011 POSTO BASE SUBGRUPO A1**

**Posto MA.C03.00.000.15770.019 POSTO BASE SUBGRUPO A1**

**Posto MA.C03.00.000.15770.028 POSTO BASE SUBGRUPO A1**

Propoñemos que nestes postos se inclúa no apartado de formación específica o ~~requisito imprescindible mérito de formación específica en materia de residuos ou unha experiencia mínima demostrada dun mínimo de 3 anos~~ en materia de residuos.

**XUSTIFICACIÓN:**

Estes 3 postos depende do Servizo de Residuos. As tarefas que desenvolven requiren que por experiencia ou por formación se teñan coñecementos previos en materia de residuos. O ámbito de residuos é unha materia que require dunha enorme especialización técnica, sen a cal se fai inviable o desenvolvemento adecuado das tarefas asignadas a mesma.

A xestión de residuos afecta de forma transversal á aplicación do Pacto Verde Europeo en todos os sectores, sendo un dos pilares básicos das Estratexias de Economía Circular implantadas en todos os niveis administrativos e conformando polo tanto unha das bases necesarias para asegurar o éxito destas políticas. O enorme reto que supón o cumprimento dos requisitos establecidos requiren que os órganos responsables da aplicación destas políticas contén con persoal cualificado para poder leva a cabo de maneira áxil e eficaz as tarefas asignadas.

### **Posto MA.C03.00.401.15001.100 – TITULADO/A SUPERIOR**

~~Este posto, que na RPT vixente, está perfilado para a categoría 4 do grupo I do Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, depende do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, e realiza funcións eminentemente técnicas.~~

~~Este posto está afectado polo proceso proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso na categoría 004 do grupo I, titulada/o superior, de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia. (DOG do 26.11.2019). Este proceso, no que se ofertaban 43 prazas, só o superaron 11 aspirantes, polo que non é necesario ofertar ao persoal de novo ingreso todos os postos, polo que a maioría incrementará a oferta de estabilización da Lei 20/2021, do 28 de decembro.~~

~~O traballador que ocupa este posto ten a condición de persoal laboral indefinido non fixo por sentenza, coa categoría de titulado superior (grupo I categoría 4) e é titulado en ciencias químicas.~~

~~En consecuencia, para axustar a RPT ás necesidades do servizo, propoñemos que se profile para co corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, para escala de ciencias, especialidade de química.~~

#### **XUSTIFICACIÓN:**

~~As funcións concretas deste posto son as seguintes: apoio aos Inspectores na tomas de mostras de augas subterráneas, residuais e de lodos.~~

~~Para desenvolver estas funcións é necesario ter coñecementos e capacidade para poder apoiar a identificación dos puntos de tomas de mostras, coñecer as características das análises a realizar e o tipo de mostra adecuados para conseguir a información necesaria para a toma de decisións sobre os resultados desas análises, así como as condicións de toma de mostra, conservación e transporte para poder avaliar a conformidade fronte a normas ou guías a partir dos resultados obtidos nas análises realizadas. Este coñecemento é imprescindible para poder tomar decisións adecuadas antes as distintas situacións e circunstancias coas que se pode atopar durante a realización desta actividade de apoio na toma de mostras.~~

~~Por todo o anteriormente mencionado, consideramos que é necesario que esta praza estea cuberta por un técnico especializado en ciencias químicas cuxa formación específica inclúe os coñecementos técnicos anteriormente mencionados.~~

### **Posto MAC991000132001005 XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN AMBIENTAL I**

Este posto está perfilado para as seguintes especialidades da escala de enxeñaría: enxeñaría de camiños, canais e portos (ESE1), enxeñaría industrial (ESE3) e enxeñaría de montes (ESE5).

Propóñese eliminar as especialidades de enxeñaría de camiños, canais e portos (ESE1), e especialidade de enxeñaría industrial (ESE3) da escala de enxeñaría e engadir a especialidade de químicas (ESC2) da escala de ciencias.

**Mantense a enxeñaría de montes (ESE5) por ser a do titular do posto.**

#### XUSTIFICACIÓN

De acordo coa vixente estrutura, este posto ten como funcións: control e vixilancia daquelas actividades e instalacións susceptibles de afectar negativamente o medio ambiente para os efectos de comprobar a súa adecuación á normativa ambiental. As inspeccións realizadas nos últimos anos, corresponden a instalacións de xestión de residuos, das empresas que realizan, coa correspondente autorización, o almacenamento, valorización ou eliminación de residuos. O inspector debe dispoñer dunha formación de ciencias, dado que debe controlar o cumprimento da normativa que aplica aos residuos tal e como se reflicte nos códigos LER, o que require unha caracterización do material. Terá que constatar a correcta xestión doutros residuos específicos, como biorresíduos, aceites usados, téxtiles, lacteos, entre moitos outros, cada un coas súas peculiaridades e realizar as oportunas comprobacións dos traslados, solicitando a documentación dispoñible que acompaña a cada traslado de residuos perigosos e non perigosos.

Outra das funcións fundamentais que realiza o inspector e a verificación ambiental das Autorizacións Ambientais Integradas para a prevención da contaminación e control integrados (en adiante IPPC) das instalacións que lle son asignadas segundo o Programa anual previsto. Así como a supervisión das emisións das actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera e das mellores técnicas dispoñibles para o control dos vertidos líquidos das industrias.

Estas actividades revisten certa complexidade e require unha formación específica en ciencias químicas pois cómpre revisar todos os parámetros e posibles fontes de contaminación ou emisións á atmosfera de compostos que poden repercutir de forma negativa na atmósfera, o solo, as augas superficiais ou subterráneas. Por este motivo, cada ano se inclúen estas instalacións para verificar de forma global todos os parámetros e asegurar o cumprimento e a eficacia das condicións establecidas nos instrumentos preventivos ambientais, contribuír a mellorar o comportamento ambiental das instalacións e actividades e, se for o caso, constatar feitos que poidan ser constitutivos de infracción administrativa ou de delito ambiental. Isto supón que da realización destas inspeccións ambientais "in situ", xurda a elaboración da documentación que delas se derive.

A razón de eliminar as especialidades de enxeñaría de camiños, canais e portos (ESE1) e especialidade de enxeñaría industrial (ESE3) da escala de enxeñaría obedece a que na provincia de Ourense non hai empresas ou instalacións, susceptibles de inspeccionar dende o punto de vista ambiental, que requiran perfís destas enxeñerías.

**(A escala de enxeñaría de camiños, canais e portos (ESE1), introduciuse na modificación da RPT aprobada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de xaneiro de 2020, publicada no DOG do 17.02.2020. Esta modificación obedeceu a**





execución dunha sentenza que estimou un recurso contencioso – administrativo presentado polo colexio oficial de enxeñeiros/as de camiños, canais e portos contra a RPT da entón Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, aprobada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de maio de 2017 e publicada no DOG do 23.05.2017). Segundo a sentenza, estimouse o recurso dado que “na xustificación ofrecida polo Administración, non existe correspondencia entre as titulacións ás que se abre o e as necesidades do posto. E dicir, por un motivo formal, non polas necesidades que require o posto.)

### **~~Posto MAC991000132001009 XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN AMBIENTAL II~~**

~~Este posto está perfilado para a escala de ciencias, pero so para unha especialidade, a de bioloxía (ESC1). Propoñemos engadir unha segunda escala, a de veterinaria (ESV).~~

#### **~~Xustificación:~~**

~~O persoal da especialidade de bioloxía ten no seu currículo estudos de carácter ambiental, e o persoal da escala de veterinarios ten unha formación específica idónea para interpretar os datos do sector de gandería intensiva que ten unha especial relevancia nesta provincia.~~

~~A transversalidade e complexidade das implicacións ambientais da gandería intensiva fan recomendable ampliar as posibilidades de incorporar persoal con estas formacións específicas.~~

### **Posto MA.C99.10.001.36001.008 XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN AMBIENTAL III**

Este posto está perfilado para a escala de enxeñería, especialidade en industrial (ESE3). Propoñemos engadir unha segunda especialidade, a de enxeñería de camiños, canais e portos (ESE1).

#### Xustificación

Este posto de inspector/a ambiental leva a cabo na provincia de Pontevedra as funcións de inspección e da elaboración dos informes de procedementos de incidencia ambiental, regulados na Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade económica de Galicia.

Debido ao incremento de informes de incidencia ambiental de estacións de combustible e de industrias relacionadas coa fabricación de materiais de construción que proliferan nesta provincia (máis do 50% do total de informes de incidencia ambiental) propónse abrir a maiores da escala de enxeñeiros industriais (ESE3), á escala de enxeñeiros de camiños, canais e portos (ESE1), que pola súa titulación son competentes para levar a cabo estas tarefas, e tamén facilita a futura cobertura deste posto na provincia.

**Posto MA.C03.00.004.15770.006 XEFATURA SECCIÓN OBSERVACION E  
MODELIZACION EN ATMOSFERA E OCEANO**

Este posto está perfilado para a escala de ciencias, sen indicar especialidade. Propónse perfilalo para as especialidades de química (ESC2) e física (ESC5)

Xustificación

As tarefas deste posto están directamente relacionadas coa xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia, co control das redes de calidade do aire e coa realización de campañas de formación e coa sensibilización en materia de calidade atmosférica. Entre as tarefas que son responsabilidade desta xefatura de sección atopase a medición de variables meteorolóxicas e a medida de contaminantes no aire ambiente, así como coa predición meteorolóxica e á predición de calidade do aire, para o cal é necesario o coñecemento das variables físicas e químicas da atmosfera e a relación e reaccións que ocorren entre elas. Todos estes temas teñen en común a atmosfera, e ambas dúas áreas de traballo están moi relacionados xa que a predición meteorolóxica é necesaria para a predición de calidade do aire, e o coñecemento das variables meteorolóxicas son imprescindibles para unha boa avaliación da calidade do aire e para o diagnóstico das causas de episodios de contaminación atmosférica”.

As especialidades da escala de ciencias que se propoñen están directamente relacionadas coas tarefas do posto, xa que:

No que atinxe a OBSERVACIÓN, as tarefas céntranse no deseño, control e xestión de datos de variables físicas da atmosfera e contaminantes atmosféricos primarios e secundarios, polo que o coñecementos sobre os fundamentos dos sistemas de medida destas variables físicas e químicas son imprescindibles para acadar garantir a debida calidade dos procesos de medida destas variables. Doutra banda, para poder avaliar correctamente os datos subministrados por estas redes en relación coa predición meteorolóxica e o control da calidade do aire é necesario un profundo coñecemento do comportamento físico da atmosfera e da composición química natural do aire atmosférico.

No que atinxe á MODELIZACIÓN, para poder garantir que tanto a selección e o uso correcto dos médelos matemáticos de predición meteorolóxica e de calidade do aire que se utilizan para predicir o estado futuro da atmosfera partindo do estado actual que se estima por medio das observacións atmosféricas e o proceso que se coñece como asimilación de datos, é necesario coñecer tanto o comportamento físico da atmosfera e a composición química da atmosfera como a interacción e entre a meteoroloxía e a calidade do aire xa que a predición meteorolóxica é necesaria para a predición de calidade do aire, e o coñecemento das variables meteorolóxicas son imprescindibles para unha boa avaliación da calidade do aire e para o diagnóstico das causas de episodios de contaminación atmosférica”.

**Posto MA.003.00.000.15770.033- Posto base subgrupo C2**

Propoñemos incluír nas observacións deste posto o mérito de coñecementos ou experiencia no manexo das aplicacións de xestión económica.

#### Xustificación

Este posto depende funcionalmente do Servizo de Xestión Ambiental, que ten encomendadas, entre outras funcións, a xestión económica da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

Este posto de auxiliar administrativo ten que realizar, entre outras as seguintes funcións: elaboración, tramitación e seguimento dos documentos contables (RC, A, D e OK e ADOK para contratos menores), preparación de memorias para a elaboración dos referidos documentos contables, revisión de documentación para a adxudicación e pago de subvencións, manexo e carga de datos nas aplicacións de Fondos Europeos, etc.

Para a realización destas funcións é preciso ter coñecementos no manexo das seguintes ferramentas: •Factura electrónica, XUMCO, CODEX, PLATIUM, •SILEX, etc

#### **Posto MA. C03.00.000.15770.031-Posto base subgrupo C2**

#### **Posto MA. C03.00.000.15770.032-Posto base subgrupo C2**

Propoñemos incluír nas observacións destes postos o mérito de coñecementos ou experiencia no manexo das aplicacións de inspección ambiental.

#### Xustificación

Estes postos dependen funcionalmente do Servizo de Intervención Ambiental, s que ten encomendadas as funcións de control do cumprimento da normativa ambiental.

Este posto de auxiliar administrativo ten que realizar, entre outras as seguintes funcións:☉ Manexo da aplicación de Inspección Ambiental, creación no manexo das aplicacións Gaia- e Inspeccións (Aplicación de Inspeccións Ambientais) e Simca (Sistema de Información Medioambiental de Calidade e Avaliación)

SIMCA é una aplicación pensada para a xestión da información en materia de residuos e Prevención e control integrado da contaminación (IPPC), integrada por tres módulos de información: Empresas, IPPC e Residuos.

GAIA-eINS é unha aplicación para o rexistro e xestión das inspeccións recollidas nos Plans e Programas de inspección ambiental de Galicia.

#### **Posto MA. C04.00.000.15770.023-Posto base subgrupo C2**

Propoñemos incluír nas observacións deste posto o mérito de coñecementos ou experiencia no manexo das aplicacións de expedientes sancionadores e de responsabilidade patrimonial.



### Xustificación

Este posto depende funcionalmente do Servizo Xurídico Administrativo da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, que ten encomendadas, entre outras funcións a resolución dos procedementos administrativos sancionadores que, por razón da súa competencia, correspondan á persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Este posto de auxiliar administrativo ten que realizar, entre outras as seguintes funcións: seguimento das bases de datos de expedientes sancionadores (remisións ao DOG e BOE das resolucións que resultaron infrutuosas, remisións á ATRIGA das sancións xa firmes de expedientes sancionadores que non se aboaran en período voluntario, notificacións en papel de resolucións sancionadoras nas que o interesado non está obrigado a recibilas por medios electrónicos), para o que é necesario contar con coñecementos ou experiencia no manexo das aplicacións de expedientes sancionadores e de responsabilidade patrimonial.

### **Posto MA.C02.00.000.15770.108 OFICIAL 1ª CONDUTOR/A**

Propónse a inclusión do complemento de dispoñibilidade horaria e do **plus convenio** neste posto.

#### XUSTIFICACIÓN

Este é o único posto de condutor co que conta a consellería nos servizos centrais e ten que atender todas as incidencias que se producen, da secretaría xeral, das direccións xerais e do gabinete da conselleira, que non son atendidas polo Parque Mobil da Xunta de Galicia. Por esta razón, nalgunha ocasión, o laboral que ocupa o posto, ten que prolongar a súa xornada de traballo, que se retribúe co pagamento de horas extraordinarias ou coa libranza de días equivalentes. Pero isto non é suficiente, e nalgunha ocasión quedan servizos sen atender. En consecuencia, considerase necesaria a inclusión do complemento de dispoñibilidade horaria e o **plus convenio** neste posto.

O complemento de dispoñibilidade horaria retribúe o estar á disposición da Administración para a realización dun traballo (artigo 26.4 do Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia).

O complemento denominado plus convenio retribúe a posible exceso de horas que se poda producir na xornada habitual, de luns a venres, dos condutores da Xunta de Galicia (Acordo do 26.12.1994, entre a Xunta de Galicia e organización sindical UGT, ratificado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 29.12.1994). O ocupante do posto non percibirá ningunha retribución en concepto de horas extras, salvo que as realice en sábados ou festivos.

### **Posto MA.C05.00.000.15770.023 – POSTO BASE SUBGRUPO A1**

Propoñemos a modificación da escala deste posto, que pasa de xeral á ESB1 ESPECIAL (ESC. FACULT. ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS - ESP. ARQUIVOS), así como a dependencia, que pasa da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo á Secretaría Xeral Técnica

### XUSTIFICACIÓN

Dar cumprimento ao disposto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, que ten por obxecto a regulación da protección, conservación e difusión do patrimonio documental de interese para Galicia e a organización, funcionamento, acceso e difusión do contido dos arquivos de interese para Galicia e do Sistema de Arquivos de Galicia (artigo 1) e establece que no artigo 14 que os arquivos públicos contarán co persoal arquivista, técnico e administrativo suficiente para cubrir as necesidades do servizo, e a dirección dos arquivos públicos deberá recaer en persoas con titulación universitaria e formación en materia de arquivos ou documentación.

Este posto está ocupado por un laboral fixo.

### FINANCIAMENTO DA PROPOSTA

Para a creación dos dous postos por execución de sendas sentencias propónse unha modificación de crédito minorando a aplicación 08 02 541D 6401 (proxecto 2016 00073) da dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio climático.

Para o resto das modificacións, propónse a amortización dos seguintes postos:

#### **MAC991000015001043 POSTO BASE SUBGRUPO C2**

Posto vacante e desocupado dende o 06.06.2022 pola resolución do concurso da Administración xeral.

#### ~~MAC991000015001056 POSTO BASE SUBGRUPO C2~~

~~Posto vacante e desocupado dende o 06.06.2022 pola resolución do concurso da Administración xeral.~~

#### **Posto MAC991000015001200 Operador/a – codificador de datos**

Posto vacante dende o 21.08.2021 pola xubilación da súa titular. Ocupado en adscrición temporal por unha laboral temporal. Non obstante, o 15.02.2023 tomaron posesión 4 funcionarios/as en prácticas do corpo auxiliar administrativo en 4 postos base subgrupo C2 vacantes e desocupados, que unha vez que sexan nomeados funcionarios de carreira son suficientes para cubrir as necesidades da Xefatura Territorial da Coruña.

#### **Posto MAC993006627470030 VIXILANTE DE RECURSOS NATURAIS (Distrito VI)**

Posto vacante e desocupado dende o 04.07.2014 por excedencia voluntaria por incompatibilidade do seu titular.

**Posto MAC991000227001011 DELINEANTE**

Posto vacante e desocupado dende o 09.06.2022 pola xubilación do seu titular.

**MAC020000015770043 SUBALTERNO/A**

Posto desocupado dende o 19.06.2017 e vacante dende o 06.06.2022 pola resolución do concurso da Administración xeral.

**MAC9910000432001040 POSTO BASE SUBGRUPO C2**

Vacante pura dende o 24.01.2023, polo reingreso no corpo administrativo da funcionaria que o ocupaba. Na Xefatura Territorial de Ourense hai un volume de persoal administrativo moi superior ao das outras xefaturas.

**MAC9910000432001032 POSTO BASE SUBGRUPO C2**

Posto vacante dende o 08.12.2019 pola xubilación da súa titular e desocupado dende o 06.06.2022 pola adxudicación definitiva doutro posto por novo ingreso á funcionaria que o ocupaba provisionalmente.

**~~Posto MAC993016036240002 ENCARGADO (Distrito XVI)~~**

~~Posto vacante e desocupado dende o 30.04.2020 pola xubilación do seu titular.~~

**Posto MAC993019836110032 VIXILANTE DE RECURSOS NATURAIS (Distrito XIX)**

Posto vacante dende o 08.10.2017 por excedencia voluntaria por incompatibilidade do seu titular. Neste momento está ocupado en superior categoría.

**Posto MAC993016436240004 VIXILANTE DE RECURSOS NATURAIS (Distrito XVI)**

Posto vacante dende o 06.05.2013 por excedencia voluntaria por incompatibilidade do seu titular. Está desocupado dende o 30.09.2016 por renuncia da adscrición temporal.

## PROPOSTA

### CREACIÓNS DE POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO

Código	Denominación	Grupo	Nivel	Forma de provisión	Escala / titulación	Área funcional	OBSERVACIONS
MAC020000015770001	Secretario/a coordinador	C1-C2	20	LD	XERAL		
MAC991000215001002	Xefatura sección xurídica	A1-A2	25	C	2062	XUR	
MAC991000227001002	Xefatura sección	A1-A2	25	C	2062	XUR	

	xurídica						
MAC991000232001002	Xefatura sección xurídica	A1-A2	25	C	2062	XUR	
MAC991000236001002	Xefatura sección xurídica	A1-A2	25	C	2062	XUR	
MAC030000015770022	Posto base subgrupo A1	A1	20	C	ESC1		OCUPADO POR LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
MAC030000015770024	Posto base subgrupo A2	A2	16	C	XERAL		OCUPADO POR LABORAL INDEFINIDO NON FIXO

## MODIFICACIÓNS DE POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO:

### Modificación da dependencia de dous postos de traballo:

Antes da modificación:

COD_POSTO_FP	DENOM_POSTO	DEPENDENCIA	TITULACION / ESCALA	OBSERVACIONS
MAC040000015770012	POSTO BASE SUBGRUPO A1	D. X. de Patrimonio Natural		OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
MAC050000015770023	POSTO BASE SUBGRUPO A1	D. X. Ordenación do Territorio e Urbanismo	XERAL	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL FIXO

Despois da modificación:

COD_POSTO_FP	DENOM_POSTO	DEPENDENCIA	TITULACION	OBSERVACIONS
MAC020000015770015	POSTO BASE SUBGRUPO A1	Secretaría Xeral Técnica	2062	Mérito: licenciado en dereito
MAC020000015770016	TÉCNICO/A SUPERIOR DE ARQUIVOS	Secretaría Xeral Técnica	ESB1	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL FIXO, NON PERTENECENTE Á ESCALA

### Modificación das observacións de varios postos de traballo:

Antes da modificación:

COD_POSTO_FP	DENOM_POSTO	OBSERVACIÓNS
MAC040000015770004	POSTO BASE SUBGRUPO A1	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
MAC991000036001156	AGRUPACIÓN PROFESIONAL TELEFONISTA	
MAC030000015770005	POSTO BASE SUBGRUPO A1	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
MAC030000015770007	POSTO BASE SUBGRUPO A1	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
MAC030000015770020	POSTO BASE SUBGRUPO A1	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
MAC030000015770021	POSTO BASE SUBGRUPO A1	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL

		INDEFINIDO NON FIXO
MAC030000015770014	POSTO BASE SUBGRUPO A1	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
MAC040000015770008	POSTO BASE SUBGRUPO A1	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
MAC040000015770009	POSTO BASE SUBGRUPO A1	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO

Despois da modificación:

COD_POSTO_FP	DENOM_POSTO	OBSERVACIÓNS
MAC040000015770004	POSTO BASE SUBGRUPO A1	--
MAC991000036001156	AGRUPACIÓN PROFESIONAL TELEFONISTA	<b>OCUPADO POR LABORAL FIXO</b>
MAC030000015770005	POSTO BASE SUBGRUPO A1	--
MAC030000015770007	POSTO BASE SUBGRUPO A1	--
MAC030000015770020	POSTO BASE SUBGRUPO A1	--
MAC030000015770021	POSTO BASE SUBGRUPO A1	--
MAC030000015770014	POSTO BASE SUBGRUPO A1	--
MAC040000015770008	POSTO BASE SUBGRUPO A1	--
MAC040000015770009	POSTO BASE SUBGRUPO A1	--

### Modificación do perfil de varios postos de traballo:

Antes da modificación:

COD_POSTO_FP	DENOM_POSTO	TIPO_ADMON	FORMACIONES
MAC030000015770006	POSTO BASE SUBGRUPO A1	XERAL	
MAC030000015770016	POSTO BASE SUBGRUPO A1	ESC	
MAC030000015770018	POSTO BASE SUBGRUPO A1	ESC	
MAC030000015770017	POSTO BASE SUBGRUPO A1	ESC	
MAC030000015770025	POSTO BASE SUBGRUPO A2	EME2	
MAC030000015770026	POSTO BASE SUBGRUPO A2	EME4	
MAC030000215770015	XEFATURA SERVIZO AVALIACIÓN AMBIENTAL DE PROXECTOS	ESC1/ESV	
MAC030000215770017	XEFATURA SECCIÓN AVALIACIÓN AMBIENTAL	ESC1/ESE4	
MAC030000015770013	POSTO BASE SUBGRUPO A1	ESC1/ESC3	
MAC030000015770014	POSTO BASE SUBGRUPO A1	ESC1	
MAC030000015770029	POSTO BASE SUBGRUPO A2	EME4	
MAC030000015770011	POSTO BASE SUBGRUPO A1	ESE3/ESE8	
MAC030000015770019	POSTO BASE SUBGRUPO A1	ESE3	
MAC030000015770028	POSTO BASE SUBGRUPO A2	EME4	
MAC030000015770015	POSTO BASE SUBGRUPO A1	ESC1/ESE3	
MAC030000315770025	SECCIÓN CONTROL TRASLADOS E INFORMACIÓN RESIDUOS	ESE2/ESE5	
MAC030000415770006	X. SECCIÓN OBSERVACIÓN E PREDICIÓN EN ATMÓSFERA E OCÉANO	ESC	
MAC991000132001005	XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN AMBIENTAL I	ESE1/ESE3/ESE5	
MAC991000132001009	XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN AMBIENTAL II	ESC1	
MAC991000136001008	XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN AMBIENTAL III	ESE3	
MAC030000015770031	POSTO BASE SUBGRUPO C2		
MAC030000015770032	POSTO BASE SUBGRUPO C2		
MAC030000015770033	POSTO BASE SUBGRUPO C2		



MAC040000015770023	POSTO BASE SUBGRUPO C2		
--------------------	------------------------	--	--

Despois da modificación:

COD_POSTO_FP	DENOM_POSTO	TIPO_ADMON	Titulación	FORMACIONES
MAC030000015770006	POSTO BASE SUBGRUPO A1	ESC		<b>470 + Mérito Requisito imprescindible: Formación específica ou experiencia mínima de 3 anos</b> <b>Experiencia na tramitación das autorización ambientais integradas</b>
MAC030000015770016	POSTO BASE SUBGRUPO A1	Xeral	Farmacia	<b>Mérito Requisito imprescindible: Formación específica ou experiencia mínima de 3 anos na tramitación das autorización ambientais integradas</b>
MAC030000015770018	POSTO BASE SUBGRUPO A1	Xeral	Farmacia	
MAC030000015770017	POSTO BASE SUBGRUPO A1	ESC		<b>487 + Mérito Requisito imprescindible: Formación específica ou experiencia mínima de 3 anos na tramitación das autorización ambientais integradas</b>
MAC030000015770025	POSTO BASE SUBGRUPO A2	EME2		<b>Mérito Requisito imprescindible: Formación específica ou experiencia mínima de 3 anos na tramitación das autorización ambientais integradas</b>
MAC030000015770026	POSTO BASE SUBGRUPO A2	EME4		
MAC0300000215770015	XEFATURA SERVIZO AVALIACIÓN AMBIENTAL DE PROXECTOS	ESC1/ESV		<b>Mérito Requisito imprescindible: Formación específica ou experiencia mínima demostrada de 3 anos na revisión, análise técnico e elaboración de declaracións e informes de impacto ambiental</b>
MAC0300000215770017	XEFATURA SECCIÓN AVALIACIÓN AMBIENTAL	ESC1/ESE4		
MAC030000015770013	POSTO BASE SUBGRUPO A1	ESC1/ESC3		
MAC030000015770014	POSTO BASE SUBGRUPO A1	ESC1		
MAC030000015770029	POSTO BASE SUBGRUPO A2	EME4		
MAC030000015770011	POSTO BASE SUBGRUPO A1	ESE3/ESE8		<b>Mérito: Requisito imprescindible: formación específica ou experiencia mínima demostrada dun mínimo de 3 anos en materia de residuos</b>
MAC030000015770019	POSTO BASE SUBGRUPO A1	ESE3		
MAC030000015770028	POSTO BASE SUBGRUPO A2	EME4		
MAC030000015770015	POSTO BASE SUBGRUPO A1	ESC1/ESE3		<b>Mérito: Requisito imprescindible: de formación específica ou experiencia de 3 anos na análise técnica da documentación asociada á tramitación, revisión e seguimento das autorización ambientais integradas (AAI) e en materia de solos contaminados, en especial, solos contaminados por lindano (γ-HCH).</b>
MAC0300000315770025	SECCIÓN CONTROL TRASLADOS E INFORMACIÓN RESIDUOS	ESE5 / ESE8		
MAC0300000415770006	X. SECCIÓN	ESC2 / ESC5		

	OBSERVACIÓN E PREDICIÓN EN ATMÓSFERA E OCÉANO			
MAC991000132001005	XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN AMBIENTAL I	ESC2 / ESE5		
MAC991000132001009	<del>XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN AMBIENTAL II</del>	ESC1 / ESV		-
MAC991000136001008	XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN AMBIENTAL III	ESE1 / ESE3		
MAC030000015770031	POSTO BASE SUBGRUPO C2			Mérito: experiencia coas aplicacións Gaia – inspección e Simca
MAC030000015770032	POSTO BASE SUBGRUPO C2			Mérito: experiencia coas aplicacións Gaia – inspección e Simca
MAC030000015770033	POSTO BASE SUBGRUPO C2			Mérito: experiencia con aplicacións de xestión económica
MAC040000015770023	POSTO BASE SUBGRUPO C2			Mérito: experiencia con aplicacións informáticas de expedientes sancionadores e de experiencia patrimonial

## MODIFICACIÓN DE POSTOS DE PERSOAL LABORAL

### Transformación dun posto de persoal laboral noutro de funcionario

Antes da modificación:

COD_POSTO_FP	DENOM_POSTO	GRUPO	CATEGORÍA	FORMACIONES	OBSERVACIONES
MAC030040115001100	TITULADO/A-SUPERIOR	I	4	519	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO-NON-FIXO.

Despois da modificación:

COD_POSTO_FP	DENOM_POSTO	GRUPO	CATEGORÍA	TIPO_ADMON	OBSERVACIONES
MAC030040115001100	POSTO-BASE-SUBGRUPO-A1	A1	20	ESC2	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO-NON-FIXO.

### Inclusión do complemento de dispoñibilidade horaria nun posto de persoal laboral e do plus convenio

Antes da modificación:

COD_POSTO_FP	DENOM_POSTO	GRUPO	CATEGORÍA	OBSERVACIONES	PLUS CONVENIO
MAC020000015770108	OFICIAL 1º CONDUCTOR/A	III	63		

Despois da modificación:

COD_POSTO_FP	DENOM_POSTO	GRUPO	CATEGORÍA	OBSERVACIONES	PLUS CONVENIO
MAC020000015770108	OFICIAL 1º CONDUCTOR/A	III	63	DISPOÑIBILIDADE HORARIA.	6.280,92

### Modificación das observacións **de varios** dun postos de traballo:

Antes da modificación:

COD_POSTO_FP	DENOM_POSTO	OBSERVACIÓNS
MAC030040115001110	TITULADO SUPERIOR ESPECIALISTA	B10 // B11 // B18

Despois da modificación:

COD_POSTO_FP	DENOM_POSTO	OBSERVACIÓNS
MAC030040115001110	TITULADO SUPERIOR ESPECIALISTA	B10 // B11 // B18 // <b>OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO.</b>

### AMORTIZACIÓN DE POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO

COD_POSTO_FP	DENOM_POSTO	NIVEL	GRUPO	TIPO_ADMON
<del>MAC020000015770043</del>	<del>SUBALTERNO/A</del>	<del>10</del>	<del>AP</del>	<del>XERAL</del>
MAC991000015001043	POSTO BASE SUBGRUPO C2	12	C2	XERAL
<del>MAC991000015001056</del>	<del>POSTO BASE SUBGRUPO C2</del>	<del>12</del>	<del>C2</del>	<del>XERAL</del>
MAC991000032001032	POSTO BASE SUBGRUPO C2	12	C2	XERAL
<del>MAC991000032001040</del>	<del>POSTO BASE SUBGRUPO C2</del>	<del>12</del>	<del>C2</del>	<del>XERAL</del>
MAC991000227001011	DELINEANTE	18	C1	ESPECIAL

### AMORTIZACIÓN DE POSTOS DE PERSOAL LABORAL

COD_POSTO_FP	DENOM_POSTO	GRUPO	CATEGORÍA	OBSERVACIONES
<del>MAC991000015001200</del>	<del>OPERADOR/A - CODIFICADOR/A DATOS</del>	<del>IV</del>	<del>32</del>	<del>Plus convenio (370,92 €)</del>
MAC993006627470030	VIXIANTE RECURSOS NATURAIS	V	9	B10 // B11 // B14 // B18
MAC993016436240004	VIXIANTE RECURSOS NATURAIS	V	9	B10 // B11 // B14 // B18
MAC993019836110032	VIXIANTE RECURSOS NATURAIS	V	9	B10 // B11 // B14 // B18
<del>MAC993016036240002</del>	<del>ENCARGADO/A</del>	<del>III</del>	<del>9</del>	<del>B10 // B11 // B18</del>

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral técnica

Carmen Bouso Montero